



**Caritas**  
Diocesana de  
Santiago de Compostela

*Infancia, Xuventude e Familia*

**PLAN DE ACCIÓN**  
2023-2025



Fundamentación do plan.....	3
Contexto actual.....	4
Marco lexislativo.....	5
Persoas destinatarias do plan.....	6
Obxectivos xerais do plan.....	6
Áreas de traballo do plan.....	7
Área de acollida.....	8
Área socioeducativa.....	9
Área educativa e de apoio.....	10
Área de ocio e tempo de lecer.....	11
Área de saúde.....	12
Área psicolóxica.....	12
Área de promoción da saúde.....	13
Área formativa.....	14
Área de orientación laboral.....	15
Área de voluntariado.....	16
Área de sensibilización e comunicación.....	17
Metodoloxía do plan.....	19
Recursos do plan.....	21
Avaliación do plan.....	22
Conclusión do plan.....	23

Realización: Comisión de Infancia Xuventude e Familia  
Departamento de Comunicación

Correo electrónico: [comisionijf.cdsantiago@caritas.es](mailto:comisionijf.cdsantiago@caritas.es)  
[comunicacion.cdsantiago@caritas.es](mailto:comunicacion.cdsantiago@caritas.es)

Páxina web [www.caritas-santiago.org](http://www.caritas-santiago.org)

Diseño Azabache.

Depósito Legal C-1555-97

## PARA CAMIÑAR XUNTOS

### LIMIAR

Nas súas mans o Plan de Acción 2023-2025 para a Infancia, Xuventude e Familia, de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela. Trátase dun documento, acordado polos diversos sectores, técnicos e do voluntario, que traballan nestes campos sociais, no que se pon en valor os distintos desenvolvementos para atender a ese amplo colectivo en situación de risco e vulnerabilidade e poderlles dar un ambiente familiar de protección, seguridade e afecto.

En letra impresa, como ocorre cos plans de actuación, déixase constancia de que a metodoloxía de actuación está fundamentada en velar polo benestar da familia na súa totalidade, lembrando que entre os seus membros existen relacións e vínculos que son os que fan que aparezan condutas e situacións que precisan ser atendidas.

Os diferentes programas existentes en Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, foron o xerme inicial para elaborar a materia que agora se presenta en marcada como un Plan de actuación e de acción para a infancia, a mocidade e a familia. Servirá por tanto como compromiso e guía para poder actuar desde distintos programas pensando sempre en acoller, acompañar en intervir durante as actuacións que se poidan presentar para conseguir os mellores logros co traballo desenvolvido.

Sinalar, finalmente, que coa posta en marcha do Plan perséguese abrir novos camiños para poder visibilizar e traballar de forma coordinada con eses colectivos vulnerables como son a infancia, a mocidade e a familia.

*Equipo de Redacción*

# Fundamentación

## DO PLAN

Este documento é o II Plan de Acción de Infancia, Xuventude e Familia 2023-2025 de Cáritas Diocesana Santiago de Compostela. Naceu, da man do I Plan, froito da conciencia e da responsabilidade social que inflúe nos diferentes programas dentro da nosa diocese de Santiago cun colectivo tan vulnerable como é o da infancia, a xuventude e a familia en situación de risco, pobreza e exclusión social.

Para a súa definición contribuíron técnicos e técnicas dos programas de Cáritas Diocesana de Santiago que interveñen nos ámbitos da infancia, da xuventude e da familia. Todo iso nace no ano 2017, a través da creación dunha Comisión de Infancia, Xuventude e Familia (CIXF)<sup>1</sup> que continúa traballando ata o día de hoxe.

O Plan foi revisado a partir dun proceso participativo. Nel unificáronse

critérios e sinerxías, principios básicos, metodoloxías... dos diferentes programas, continuando cunha coordinación eficaz e funcional. Ten en conta a misión, visión, valores e principios da entidade, a cultura organizativa e a aprendizaxe continua, o traballo en rede ou a busca diversificada de fondos para garantir a sustentabilidade económica.

Así pois, este documento constitúe o compromiso que servirá de guía á CIXF e aos diferentes programas da diocese de Santiago dedicados a acoller, acompañar e intervir coa infancia, coa xuventude e coa familia (IXF)<sup>2</sup>.

*“A oportunidade...  
é o que precisamos  
para facer realidade  
os nosos soños”.*



1 CIXF= Comisión de Infancia, Xuventude e Familia.

2 IXF= Infancia, Xuventude e Familia.

## Contexto actual

Cáritas Diocesana de Santiago ten como misión traballar pola infancia, xuventude e familia en situación de risco e/ou vulnerabilidade social, co fin de contribuír a xerar cambios que propicien un ambiente familiar de protección, seguridade e afecto.

No marco da “Convención dos Dereitos do Neno”, desenvólvese un traballo especializado de promoción da cultura, da igualdade de xénero e do bo trato, a través dun equipo humano formado por persoas técnicas e voluntarias comprometidas e competentes, coa finalidade de garantir o dereito a crecer nun ambiente seguro de benestar e desenvolvemento integral.

Propiciarase a participación e a coresponsabilidade de toda a sociedade no coñecemento e na defensa dos dereitos da infancia, xuventude e familia. Tamén se favorece a cobertura de necesidades e se crean vías para a colaboración e o traballo en rede cos demais axentes.

A nosa metodoloxía baséase nunha intervención desde a mirada sistémica. Trátase de velar polo benestar da familia na súa totalidade, pois entre os seus membros existen relacións e vínculos que son os que fan que aparezan condutas e situacións que precisan ser atendidas.



## Marco legislativo

### Normativa estatal (BOE):

- ♣ Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- ♣ Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á súa libre circulación e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- ♣ Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- ♣ Lei 45/2015, de 14 de outubro, de voluntariado.
- ♣ Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- ♣ Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- ♣ Constitución española de 1978. «BOE» núm. 311, de 29 de decembro de 1978.

### Normativa autonómica (DOG):

- ♣ Decreto 97/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación.
- ♣ Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais da familia, infancia e adolescencia.
- ♣ DECRETO legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ♣ Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- ♣ «DOG» núm. 249, de 31 de decembro de 2013 «BOE» núm. 25, de 29 de xaneiro de 2014.
- ♣ Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.
- ♣ Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.
- ♣ «DOG» núm. 242, de 21 de decembro de 2011 «BOE» núm. 12, de 14 de xaneiro de 2012.
- ♣ Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Disposición final terceira. «DOG»

núm. 134, de 13 de xullo de 2011 «BOE» núm. 182, de 30 de xullo de 2011. Modificada pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia; na disposición final terceira.

- ♣ Decreto 184/2008, do 24 de xullo, polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia.
- ♣ Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ♣ «DOG» núm. 152, de 07 de agosto de 2007 «BOE» núm. 226, de 20 de setembro de 2007.
- ♣ Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- ♣ Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa en materia de xuventude.



# Persoas destinatarias

## DO PLAN

O presente documento é unha ferramenta de traballo para os/as axentes de Cáritas Diocesana de Santiago; voluntariado e persoal técnico que desenvolven a súa tarefa coa infancia, coa xuventude e coas súas familias en situación de especial protección.

Estas persoas son a guía e a razón de ser do noso traballo, e para eles desenvolvemos este plan, que suma esforzos e optimiza resultados.

# Obxectivos xerais

## DO PLAN

En base ao cumprimento do noso fin, traballamos para acadar uns obxectivos que se detallan a continuación

e que se focalizan en tres actores diferentes:

### Participantes

- ♣ Potenciar o desenvolvemento persoal e integral, identificando as necesidades individuais e promovendo a participación activa.
- ♣ Motivar a creación de entornos seguros e protectores da infancia, da xuventude e da familia.

### Axentes de Cáritas

- ♣ Desenvolver protocolos comúns de actuación que contén con modelos de intervención que aposten pola protección da IXF, incorporando unha cultura de boas prácticas.
- ♣ Promover a formación específica dos axentes de Cáritas.
- ♣ Crear espazos de reflexión conxuntos.


### Contorna

- ♣ Visibilizar e difundir a actuación de Cáritas nas comunidades.
- ♣ Sensibilizar e promover os dereitos da IXF na nosa contorna/localidade.
- ♣ Estender unha cultura de promoción dos dereitos das persoas como imperativo de xustiza e dignificación que promova a protección e o pleno desenvolvemento das persoas.

# Áreas de traballo

## DO PLAN

As actuacións do plan concréntanse en sete áreas xerais segundo os obxectivos formulados. Estas son as que especificamos a continuación:



### Área de acollida

### Área socioeducativa

Área educativa e de apoio

Área de ocio e tempo de lecer

### Área da saúde

Área psicolóxica

Área de promoción da saúde

### Área formativa

### Área de orientación laboral

### Área de voluntariado

### Área de sensibilización e comunicación

## Área de acollida

### OBXECTIVOS

Recibir e informar as persoas sobre os programas e recursos sociais á súa disposición.

Valorar as necesidades das familias en situación de risco, pobreza, vulnerabilidade ou exclusión social para identificar as súas potencialidades, capacidades e recursos.

Iniciar un plan de traballo integral, así como formular conxuntamente obxectivos co/coa menor e coa súa familia.

### ACTUACIÓNS

Reunións ou entrevistas de información e/ou derivacións, segundo a necesidade ou a demanda.

Sesións para implantar un compromiso coas persoas participantes atendidas dentro do proxecto.

Reunións ou contacto cos recursos que interveñen coa familia, co fin de mellorar a intervención.

Reunións de seguimento e avaliación da situación do/a menor e da súa familia ata acadar obxectivos fixados.





## Área socioeducativa

### OBXECTIVOS

### ACTUACIÓNS

Dotar e recuperar as familias de competencias parentais/marentais nos distintos ciclos vitais familiares.	Sesións individuais e grupais de orientación ou asesoramento socioeducativo.
Promover vínculos afectivos, estables e sans que permitan un contorno familiar seguro e afectuoso.	Reunións de elaboración de obxectivos de área, seguimento e avaliación.
Ofrecer ferramentas de comunicación que melloren as relacións e que preveñan os conflitos intrafamiliares.	Atencións familiares non programadas.
Apoiar a participación das familias no contorno social.	Facilitarlle información ás familias dos recursos comunitarios.
Promover e apoiar a resiliencia en nenos, nenas e adolescentes afectados por procesos traumáticos.	Derivación aos recursos de atención familiar.
Reforzar as habilidades e as condutas positivas que favorezan un maior desenvolvemento persoal e social.	Sesións individuais e grupais de seguimento do traballo socioeducativo.
Fomentar unha cultura de igualdade de xénero e respecto.	Execución de actividades de diversidade e igualdade.
Fomentar a aceptación e o respecto da diversidade.	Desenvolvemento de obradoiros.



## Área educativa e de apoio

### OBXECTIVOS

### ACTUACIÓNS

Valorar as dificultades curriculares elaborando un plan de acción educativo.

Elaboración e seguimento do plan de acción educativo.

Levar a cabo un seguimento individualizado das rutinas académicas e dos logros conseguidos.

Información e asesoramento das alternativas educativas a nivel formal e non formal.

Previr situacións de absentismo escolar e de baixo rendemento académico.

Acompañamento das familias ao centro escolar para facilitar a coordinación entre a familia e a escola.

Promover o interese polo traballo e o esforzo.


Traballo en rede cos centros educativos.

Promover convenios de colaboración para a extensión dos proxectos de reforzo educativo/académico.

Reforzo escolar e actividades de motivación cara ao estudo.

Seguimento e acompañamento das estratexias educativas e de estudo que se realizan na casa.

Acompañamento nas necesidades específicas de apoio educativo.



## Área de ocio e tempo de lecer

### OBXECTIVOS

### ACTUACIÓNS

<p>Impulsar estratexias de busca de alternativas de ocio familiar saudable, onde serán as propias familias as xestoras do seu tempo de lecer.</p>	<p>Actividades lúdico-formativas dentro do espazo do apoio educativo, integrando o xogo como recurso educativo.</p>
<p>Previr hábitos nocivos e prexudiciais a través dunha alternativa de ocio e tempo libre.</p>	<p>Actividades programadas, saídas culturais e lúdicas, excursións, xogos guiados, xogos simbólicos, de mesa, cooperativos, encontros interxeracionais, celebración de festas, aniversarios, obradoiros manuais, de contacontos e teatro , de música, de cociña, obradoiros-foro...</p>
<p>Educar en valores a través do tempo de lecer.</p>	<p>Convivencias e campamentos entre menores de diversas idades, independentemente da súa situación socioeconómica.</p>
<p>Informar, acompañar, propoñer e promover actividades culturais e de tempo de lecer.</p>	<p>Actualización no taboleiro informativo da oferta de lecer que ofrece o contorno máis próximo. Información e aproveitamento dos recursos.</p>
<p>Establecer espazos lúdicos comúns, o que favorece a inclusión dos/as menores de diversas idades e situación socioeconómica.</p>	<p>Utilización das redes sociais para a difusión de actividades de lecer.</p>
<p>Colaborar con diversas entidades que traballan coa infancia e coa xuventude no eido do tempo de ocio e de lecer.</p>	<p>Participación de menores derivados doutras entidades públicas e privadas.</p>



## Área da saúde

### Área psicolóxica

#### OBXECTIVOS

Atender as necesidades individuais de cada membro da unidade familiar, de forma que no seu conxunto favoreza o desenvolvemento familiar.

Apoiar na xestión da busca de alternativas ás diferentes dificultades detectadas no núcleo familiar.

Dar apoio psicoterapéutico para mellorar dificultades ou conflitos emocionais ou de relación.

Promover o desenvolvemento positivo do autoconcepto.

#### ACTUACIÓNS

Sesións de análise e detección dos puntos de vulnerabilidade e indicadores de risco familiar.

Reunións individuais periódicas.

Sesións de apoio psicoterapéutico familiar.

Sesións de apoio emocional a través dun espazo de xogo terapéutico.

Actividades que favorezan a autonomía de cada un dos membros da familia.

Información e derivación aos diferentes profesionais en función da necesidade detectada ou da demanda.



### Área de promoción da saúde

#### OBXECTIVOS

Concienciar da importancia da asistencia ás consultas e/ou revisións médicas dentro do sistema sanitario.

Axudar a interiorizar estratexias de coidado persoal e imaxe.

Traballar a importancia do coidado e do bo uso dos bens materiais e do medio ambiente.

Promover a importancia dunha alimentación saudable na infancia e na xuventude en todas as accións que se realicen.

#### ACTUACIÓNS

Reunións de seguimento coa familia sobre as vacinas, revisións... dos pequenos e das pequenas e a asistencia ás citas médicas das persoas adultas.

Sesións de información, derivación, axuda na xestión de trámites administrativos e/o acompañamento ao acceso dos recursos sanitarios axeitados.

Acompañamento na aprendizaxe e uso de hábitos saudables.

Obradoiros de educación para a saúde orientados a nenos, nenas, adolescentes e ás súas familias.

Participación activa dos nenos, nenas e adolescentes nas "merendas saudables" diarias dentro dos programas.



## Área formativa

### OBXECTIVOS

Propoñer unha programación formativa acorde coas necesidades das familias implicándolas nas tomas de decisións.

Promover a participación da comunidade educativa nas diferentes propostas.

Favorecer e motivar os rapaces e as rapazas que deixaron os seus estudos precozmente, maiores de 16 anos, e apoialos na súa reincorporación ao sistema educativo.

Formar a mocidade no eido do ocio e do tempo libre.



### ACTUACIÓNS

Escolas de familias.

Obradoiros formativos.

Obradoiros de alfabetización.

Clases de español e galego para persoas inmigrantes.

Clases para a preparación de competencias clave e probas da ESO e da ESA.

Sesións de información e derivación a formacións de Cáritas (interna) e outras entidades (externa).

Sesións de orientación, motivación, seguimento e avaliación dos procesos educativo-laborais.

Espazo de atención a menores durante a formación das súas familias.

Formación acreditada como MATL<sup>1</sup>, DATL<sup>2</sup> e campos de traballo a través da escola de tempo libre.

Cursos de formación e capacitación como educadores e educadoras no tempo de lecer/ocio.

1 MATL= Monitor/a de actividades de ocio e tempo libre.

2 DATL= Director/a de actividades de ocio e tempo libre.

## Área de orientación laboral

### OBXECTIVOS

Informar e asesorar dos recursos laborais e formativos.

Orientar das posibilidades de inserción laboral.

Acompañar na busca de actividades formativas.

Apoiar as familias no coidado das infancias durante a xornada laboral.

### ACTUACIÓNS

Entrevistas e proxectos individualizados de orientación e inserción sociolaboral.

Acompañamento aos recursos de inserción laboral e seguimento.

Elaboración e actualización do currículo.

Selección de ofertas de traballo.

Divulgación de cursos formativos doutras entidades.

Obradoiros de estratexias de busca de emprego.

Espazo de conciliación durante a xornada laboral dos integrantes da unidade familiar.



## Área de voluntariado

### OBXECTIVOS

### ACTUACIÓNS

Activar o protocolo de acollida e acompañamento do voluntariado.	Sesión de acollida (informar as persoas que queren ser voluntarias dos programas e proxectos de Cáritas).
Informar as persoas que queren ser voluntarias dos programas e proxectos de Cáritas. Tamén da misión, visión e valores que nos moven para a realización da intervención.	Recollida de documentación necesaria para a actuación no proxecto no que participa.
Potenciar un clima positivo e un equipo unido de persoas voluntarias.	Realización de encontros periódicos e atención ás necesidades do voluntariado.
Promover espazos de formación continua do voluntariado.	Reunións periódicas de avaliación e de propostas de mellora.
Promover o crecemento persoal do voluntariado e a satisfacción persoal.	Sesións de formación específicas.
Fomentar a autonomía e a adquisición progresiva de responsabilidades dentro dos programas de Cáritas.	Acompañamento funcional.
Facilitar un reparto de tarefas en base aos intereses e compromisos do voluntariado.	Reparto de tarefas e responsabilidades dentro do voluntariado.
Dotar o voluntariado dun espazo de comunicación fluído para unha mellora continua dos proxectos.	Establecer convenios de colaboración con entidades de voluntariado.
Sensibilizar sobre a nosa acción de voluntariado a entidades que traballen neste eido.	





## Área de sensibilización e comunicación

### OBXECTIVOS

Visibilizar e difundir os programas de Cáritas.

Sensibilizar dos dereitos da IXF.

Ser referentes das iniciativas nas nosas comunidades.

### ACTUACIÓNS

Uso de redes sociais, prensa e comunicacións públicas para promover as nosas accións.

Encontros de comunicación e difusión das accións de Cáritas dentro da comunidade.

Xornadas informativas cara ao cumprimento de dereitos da infancia e á promoción do bo trato ao voluntariado dos proxectos e parroquias, á localidade próxima e á comunidade en xeral.

Participación en campañas de incidencia.





# Metodoloxía


## DO PLAN

A nosa metodoloxía socioeducativa baséase nunha visión positiva da persoa que procura fomentar un vínculo de confianza que favoreza a transformación persoal, á vez que se reforzan valores e normas que facilitan a convivencia. Ademais, a presenza constante e próxima da persoa educadora constitúe un eixe fundamental da nosa pedagogía. A metodoloxía de intervención coas familias baséase na prevención, na escoita e participación activa, na observación, na intervención como proceso, no acompañamento e seguimento e na motivación e promoción da persoa. A participación cidadá, o fomento do voluntariado e a igualdade e perspectiva de xénero son valores fundamentais do plan e desenvólvese de xeito transversal en todas as fases deste.

Incluimos na nosa intervención o enfoque de parentalidade positiva, que se entende como o conxunto de condutas que procuran o benestar dos nenos e nenas, dos mozos e mozas e das súas familias, e tamén o seu desenvolvemento integral desde unha perspectiva de coidados, afectos, protección, enriquecemento persoal, pautas educativas, etc.

Ademais, propoñemos ferramentas que promovan o desenvolvemento integral da infancia e adolescencia que axuden a establecer límites para posibilitar o control da súa propia vida alcanzando os mellores logros.

O proceso da intervención acompañarémolo das seguintes estratexias metodolóxicas: selección, información, asesoramento, orientación, apoio, asistencia, avaliación e coordinación que pasamos a detallar.



### Accollida e escoita

O obxectivo proposto nesta fase é recoller a información máis significativa e necesaria, a través dunha ou varias entrevistas estruturadas sobre diversas dimensións que son susceptibles de mellora ou cambio (persoal, relacional, económica, laboral, sanitaria, etc). A recollida desta información facémola a través dunha escoita activa de forma individual, grupal e/ou

familiar quedando reflectida na ficha social básica.

Algunhas das entidades que informan e/ou derivan poden ser:

- ♣ Programas de Cáritas
- ♣ UTS (unidades de traballo social)
- ♣ Centros escolares
- ♣ Iniciativa propia
- ♣ Outras entidades sociais etc.

### Valoración e compromiso

Entrevista persoal coas persoas responsables da unidade familiar. Unha vez identificadas as dificultades, os puntos de apoio e as entidades e/ou administracións que interveñen coas familias, elabórase un plan de acom-

pañamento no que se recollen os seguintes elementos: dimensións que convén traballar, obxectivos propostos, accións, compromisos, tempos de seguimento etc.

### Acompañamento e seguimento do proceso

Acompañamento integral e atencións individualizadas segundo as solicitudes demandadas e as situacións de vulnerabilidade que se detectan. A intervención complementase coa

coordinación e derivación a diferentes recursos sociocomunitarios que traballan e colaboran no fortalecemento da rede social.

### Avaliación e/ou fin do proceso

Unha vez avaliados os obxectivos conseguidos, valorárase a fin do pro-

ceso e/ou a súa derivación, se procede.



# Recursos DO PLAN

CENTRO	PROGRAMA	DESCRIPCIÓN
Cáritas Diocesana de Santiago R/ CARRETAS, 29 BIS. SANTIAGO DE COMPOSTELA ■ 981 554 433 ■ <a href="mailto:animacion.cdsantiago@caritas.es">animacion.cdsantiago@caritas.es</a>	<b>ANIMACIÓN COMUNITARIA E VOLUNTARIADO</b>	Xestión de proxectos e programas de IXF. Programa de voluntariado Xove.
Cáritas Diocesana de Santiago R/ CARREIRA DO CONDE, 14. SANTIAGO DE COMPOSTELA ■ 981 554 433 ■ 671 418 629 ■ 611 076 512 ■ <a href="mailto:agarimo.cdsantiago@caritas.es">agarimo.cdsantiago@caritas.es</a>	<b>Agarimo espazo familiar (VAGALUME)</b>	Apoio integral á infancia, xuventude e familia en situación de vulnerabilidade social.
Cáritas Interparroquial de Santiago R/ ROMA, 5, BAIXO E-F. SANTIAGO DE COMPOSTELA ■ 981 577 590 ■ 644 190 642 ■ <a href="mailto:abeirointersant.cdsantiago@caritas.es">abeirointersant.cdsantiago@caritas.es</a>	<b>ABEIRO</b>	Apoio integral a familias monoparentais ou en situación de especial protección.
Cáritas Interparroquial de Santiago R/ HOSPITALIÑO, 2, BIS SANTIAGO DE COMPOSTELA ■ 981 552 140 ■ <a href="mailto:cativosintersant.cdsantiago@caritas.es">cativosintersant.cdsantiago@caritas.es</a> ■ <a href="mailto:etl.cdsantiago@caritas.es">etl.cdsantiago@caritas.es</a>	<b>CATIVOS</b>	Departamento de atención á infancia e xuventude con proxectos socioeducativos, de ocio e tempo libre e formativos.
Unidad Pastoral Milladoiro RÚA FIGUEIRAS, 6 MILLADOIRO AMES ■ 687 033 132 ■ <a href="mailto:programaarete@gmail.com">programaarete@gmail.com</a>	<b>ARETÉ</b>	Programa de conciliación familiar.
Cáritas Parroquial da Estrada RÚA DE SAN PAIO, 22 BAIXO 36680 A ESTRADA ■ 617 865 255 ■ <a href="mailto:caritasaestrada@hotmail.com">caritasaestrada@hotmail.com</a>	<b>XERALTECA</b>	Apoio socioeducativo e actividades de ocio e tempo libre para nenos e nenas.
Cáritas Interparroquial de Bergantiños COMPLEXO PARROQUIAL, R/ DA IGREXA, S/N CARBALLO ■ 678 512 279 ■ 981 971 620 ■ <a href="mailto:acogidabergantinos.cdsantiago@caritas.es">acogidabergantinos.cdsantiago@caritas.es</a>	<b>Proxecto educativo "BUEN SAMARITANO"</b>	Apoio educativo a nenos, nenas, mozos e mozas.
Cáritas Interparroquial Coruña PRAZA DE RECIFE 1, 15004 A CORUÑA ■ 981 269 066 ■ R/ S. ROSENDO 11, A CORUÑA ■ 682 701 210 ■ PRAZA PADRE GIL 1, A CORUÑA ■ 691 221 201 PASEO FLUVIAL S/N (PARROQUIA SANTIAGO) ARTEIXO ■ <a href="mailto:secretaria.cicoruna@caritas.es">secretaria.cicoruna@caritas.es</a>	<b>Proxecto socioeducativo "FAMILIA EDUCA"</b>	Asesoramento socioeducativo, apoio escolar e actividades de lecer para a infancia, a xuventude e as familias.
Cáritas Interparroquial Coruña ALBERTO DATAS PANERO, 17 BAIXO A CORUÑA ■ 981 150 507 ■ <a href="mailto:atencionprimaria.cicoruna@caritas.es">atencionprimaria.cicoruna@caritas.es</a>	<b>CRIANZA EN ACTIVO</b>	Apoio e asesoramento a nais xestantes ou con menores de 3 anos para o coidado destes, delas mesmas e do ámbito familiar.
Cáritas Interparroquial Vilagarcía PRAZA DA CONSTITUCIÓN, 16 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA ■ 986 565 391 ■ <a href="mailto:arrumi.ciarousa@caritas.es">arrumi.ciarousa@caritas.es</a>	<b>ARRUMI</b>	Intervención con familias xitanas.

# Avaliación DO PLAN

Presentamos as diferentes fases de avaliación do Plan de Acción de Infancia, Xuventude e Familia, así como a metodoloxía e o tempo deste.

## Metodoloxía:

- ♣ Reunións de coordinación dos programas que traballan coa infancia,

coa xuventude e coa familia.

- ♣ Revisión e análise documental dos programas que conforman o plan.
- ♣ Reunións anuais de avaliación do proceso e seguimento.
- ♣ Avaliación final do plan cada tres anos. Determinación da continuidade deste e modificacións na acción.

## Fases:

<p><b>Avaliación inicial</b></p>	<p>Estudo da realidade social da infancia, xuventude e familia da nosa diocese. Análise das dificultades e fortalezas. Xerarquización das necesidades. Avaliación da posibilidade de alcanzar os obxectivos propostos. Estudo da viabilidade do plan.</p>
<p><b>Avaliación de proceso ou de seguimento</b> (anual)</p>	<p>Revisión da implantación da acción. Factores que facilitan ou dificultan o desenvolvemento do plan. Análise da eficiencia: posibilidade de reformulación e adaptación a novos cambios, segundo as tendencias e as futuras demandas que formule a sociedade. Toma de decisións de continuidade ou finalización do plan.</p>
<p><b>Avaliación final</b> (3 anos)</p>	<p>Determinación do nivel de logro dos obxectivos que se planearon. Análise da relación entre o plan de acción inicial e o logro dos obxectivos. Factores que irromperon no desenvolvemento do plan. Avaliación da calidade da implantación do plan. Determinación da pertinencia, coherencia, eficacia, eficiencia e impacto do plan de acción desenvolvido. Avaliación da capacidade de cooperación e coordinación dos diferentes programas que conforman o plan e os órganos de xestión de Cáritas Diocesana de Santiago.</p>

# Conclusión

## DO PLAN

### O noso futuro

Nesta nova etapa organizativa que se inicia, pretendemos abrir novos camiños para visibilizar e empezar a traballar de forma coordinada cos colectivos máis vulnerables como son a infancia, a xuventude e as familias. Este documento serve de referente para enmarcar a acción dos respectivos programas diocesanos e podemos dicir que logramos o primeiro requisito para que poida ser cumprido o que aquí aparece.

Supuxo un reto importante. Reto que implicou esforzo, paciencia, ilusións, alegrías, frustracións e moito, moito compartir. Só coa contribución de todos e todas poderán desenvolverse os obxectivos comúns establecidos adaptándoos a cada realidade.

Este Plan de Infancia, Xuventude e Familia permite unir diferentes sensibilidades e fixar un camiño común.





# ***Caritas***

***Diocesana de Santiago de Compostela***

**Servicios Xerais**

Carretas, 29 bis  
15705 Santiago de Compostela  
981 554 433

**Cáritas Interparroquial da Coruña**

Pza. Recife, s/n  
15004 A Coruña  
981 269 839

**Cáritas Interparroquial de Santiago**

Hospitaliño, 2-bis  
15702 Santiago de Compostela  
981 552 140

**Cáritas Interparroquial de Pontevedra**

Joaquín Costa, 64  
36005 Pontevedra  
986 852 417

**Cáritas Interparroquial de Arousa**

Rosalía de Castro, 28  
36600 Vilagarcía de Arousa  
986 565 391

**Cáritas Interparroquial de Bergantiños**

R/ Igrexa, s/n  
15100 Carballo (A Coruña)  
981 756 726